

DEREITOS E DEBERES DOS ALUMNOS

Relator: Fermín Álvarez Lata

Lexislación

Dereitos e Deberes dos Alumnos

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE do 4 de maio).
- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (BOE do 4 de xullo).
- Real Decreto 732/1995 do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (BOE do 2 de xuño).

Lexislación (cont)

Dereitos e Deberes dos Alumnos

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se apróba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria (DOG do 21 de outubro).
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan a organización e funcionamento de EEI, CEP e CEIP (DOG do 2 de setembro)
- Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG do 26 de xaneiro).

Lexislación (cont)

Dereitos e Deberes dos Alumnos

- Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se dictan instruccións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias (DOG do 2 de novembro).
- Decreto 324/1996, do 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (DOG do 9 de agosto)
- Orde do 1 de agosto de 1997 que desenvolve o Decreto 324/96 e establece a organización funcional dos IES (DOG do 2 de setembro).

Lexislación (cont)

Dereitos e Deberes dos Alumnos

- Orde do 28 de agosto de 1995, pola que se regula o procedemento para garanti-lo dereito dos alumnos de ESO e Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos (BOE do 20 de setembro).
- Orde do 17 de abril de 1997 pola que se establece o procedemento que compre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso de Bacharelato (DOG do 26 de maio).

Lexislación (cont)

Dereitos e Deberes dos Alumnos

- Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa ensinanzas de FPI (DOG do 9 de agosto)
- Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato (DOG do 27 de xuño)

Real Decreto 732/1995

Disposicións Xerais

- Aplicación en centros sostidos con fondos públicos.
- Todos os mesmos dereitos e deberes básicos.
- Dentro dos fins sinalados por LODE e LOXSE
- A Administración e os órganos de goberno velarán polo correcto exercicio.
- Dentro do CE crear Comisión de convivencia que mediará nos conflitos e poderá tomar medidas.
- O CE emitirá un informe analizando problemas e proponendo medidas que analizará a Inspección
- O RRI conterá as normas de convivencia que poderán precisar e concretar os dereitos e deberes.

Real Decreto 732/1995

Dereitos

- Obrigan a todos os membros da Comunidade Educativa pero implica o recoñecemento dos dereitos dos demais.
- Dereito a unha formación para o desenvolvemento da súa personalidade.
- Todos as mesmas oportunidades de acceso aos estudos.
- Igualdade de oportunidades mediante: non discriminación, medidas compensatorias, e políticas de integración e de educación especial.

Real Decreto 732/1995

Dereitos (cont)

- Avaliación con plena obxectividade.
- Facer públicos os criterios de avaliación e promoción, e deberá existir comunicación fluída entre titores e profesores con alumnos e pais.
- As reclamacións perante o Director baseadas na inadecuación da proba ós obxectivos, contidos e nivel, ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación.
- Orientación escolar e profesional para o que os centros recibirán apoios da Administración e das empresas.

Real Decreto 732/1995

Dereitos (cont)

- Actividades con seguridade e hixiene
- Respectar a súa liberdade de conciencia e as súas conviccións coa intimidade correspondente. Iso garantírase con: información sobre o PEC ou carácter propio, fomento da capacidade e actitude crítica e coa elección da formación relixiosa ou moral.
- Respectar a súa integridade e dignidade.
- Reserva sobre as súas circunstancias familiares ou persoais.
- Participación na vida do centro e nos CEs.

Real Decreto 732/1995

Dereitos (cont)

- Elixir os seus representantes (1º mes renovable en 15 días)
- Os representantes non poderán ser sancionados por exercer as súas funcións: reunións, reclamacións, fomento da convivencia, colaboración coa dirección e os profesores e coidar material e instalacións.
- Xunta de Delegados coas funcións: propostas para o PEC, horarios e AEC e informar e debatir sobre os temas do CE.

Real Decreto 732/1995

Dereitos (cont)

- Deberá ser oída pola Dirección en canto a: exames, actividades, reclamacións sobre profesores e avaliacións, sancións e libros.
- Crear asociacións. Os seus membros e os da Xunta de Delegados deberán informar aos alumnos.
- Liberdade de expresión respectando os dereitos. As discrepancias colectivas a través dos representantes.
- Poderán reunirse co horario establecido no RRI, nos locais que se lles faciliten con limitacións e precaucións.

Real Decreto 732/1995

Dereitos (cont)

- Percibir axudas para compensar carencias, mediante: becas, servicios de apoio e atención para traslados obrigatorios.
- Protección social para infortunio familiar.
- Cobertura sanitaria.
- Axudas en caso de accidente ou enfermidade prolongada.
- Adoptaranse medidas se non se respectan os dereitos.

DEBERES

- Deber básico o estudio, que implica:
 - Asistencia a clase e participación nas actividades.
 - Cumprir e respectar os horarios.
 - Seguir as orientacións do profesorado e respectalo.
 - Respectar o dereito ao estudio dos compañeiros.
- Respectar a liberdade de conciencia, conviccións, dignidade, integridade e intimidade.
- Non discriminar.
- Respectar PEC ou carácter propio.

DEBERES (cont)

- Coidar bens e instalacións e respectar as pertencencias dos demais.
- Participar na vida e no funcionamento do centro

NORMAS DE CONVIVENCIA

- Deberán estar incluídas no RRI así como tamén as correccións por non cumprilas, tendo en conta as situacións e condicións persoais.
- As correccións terán carácter educativo e recuperador, tendo en conta o dereito á educación e á escolaridade, así como á integridade física e a dignidade persoal.
- Serán proporcionais á conducta e contribuirán á mellora do proceso educativo.

NORMAS DE CONVIVENCIA

(cont)

- A inasistencia a clase por razóns xerais pode non ser corrixida.
- Os danos repararanse ou pagaranse e o roubado devolverase.
- Poderase perder o dereito á avaliación continua. Os RRI marcarán máximo de faltas e criterios de avaliación extraordinarios.
- Circunstancias paliativas: recoñecemento espontáneo e falta de intencionalidade.

NORMAS DE CONVIVENCIA

(cont)

- Circunstancias acentuantes: premeditación, reiteración e cando son de menor idade, recién incorporados ou actos de discriminación.
- Serán obxecto de corrección actos no recinto, nas AEC e todos os relacionados coa vida escolar e que afecten a membros da Comunidade Educativa.
- Os CEs supervisarán o cumprimento das correccións.

CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

- Poderán ser corrixidas con:
 - a. Amoestación privada ou escrita
 - b. Comparecencia Xefe de Estudos
 - c. Traballos
 - d. Tarefas para mellora ou reparación.
 - e. Expulsión das AEC
 - f. Cambio de grupo (semana)
 - g. Expulsión de clases (3 días)
 - h. Expulsión do centro (3 días)

CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA (cont)

- Serán competentes:
 - Os profesores a) e b), oído o alumno e informados titor e Xefe de Estudios.
 - O titor, oído o alumno, a), b), c) e d).
 - Xefe de Estudios e Director, oídos alumno, profesor e titor, c), d), e) e f).
 - O Director nos casos g) e h), oídos titor, Equipo Directivo, alumno e pais; no caso h) informar ó CE
- Prescriben ao mes, as correccións a final de curso e poderase reclamar en 48 horas ó Delegado

CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO

- Considéranse así as seguintes:
 - Indisciplina, inxuria ou ofensa graves.
 - Reiteración de C.C.N.C no mesmo curso.
 - Agresión grave ou discriminación.
 - Suplantación de personalidade e falsificación ou sustracción de documentos.
 - Danos graves por uso indebido ou intencionadamente.
 - Actos inxustificados que perturben a normalidade.
 - Actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal, ou incitacións ás mesmas.
 - Non cumprir as correccións

CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO (cont)

- Previa instrucción dun expediente, poderanse aplicar as seguintes correccións:
 - Tarefas para a mellora ou reparación.
 - Expulsión das AEC
 - Cambio de grupo
 - Expulsión de clases (5 días – 2 semanas)
 - Expulsión do centro (3 días lectivos – 1 mes).
 - Cambio de centro.
- Prescriben ós 4 meses e as correccións ó final de curso.

TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS

FASE OU ACTO	ÓRGANO - PERSOA	PRAZO - DURACIÓN
Recollida de información	Director	10 días dende o coñecemento dos feitos
Acordo de incoación (e comunicación) (1)	Director (por p. iniciativa ou proposta do CE)	O anterior
Designación Instructor (e comunicación) (1)	Director	O anterior
Instrucción do Expediente	Instructor (un profesor)	7 días
Adopción medidas provisionais (2)	Director (decisión propia ou proposta do instructor)	Ao principio, ou durante tramitación
Audiencia (3)	Instructor	Rematada a instrucción
Resolución (4)	Director	Un mes dende a iniciación

TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS (notas)

- 1) Esta comunicación farase ó alumno e aos seus pais, titores ou responsables. Nesta comunicación debe indicarse a posibilidade de recusación do instructor. Debe quedar constancia da comunicación.
- 2) Estas medidas provisionais poden consistir no cambio temporal de grupo, ou na suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días. Deben ser comunicadas ao Consello Escolar.

TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS (notas)

- 1) Nesta audiencia comunicaráselle ao alumno ou pais as conductas que se lle imputan e as correccións propostas.
- 2) Esta resolución comunicaráse ao alumno ou pais e nela indicárase a posibilidade de recorrer diante do Delegado Provincial no prazo dun mes.

Plan de convivencia

- Formará parte do PEC
- As actuacións previstas nel incluíranse na PXA
- Finalidade: Favorecer propostas para conseguir formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, no exercicio da tolerancia e a liberdade, motivación do alumnado pola aprendizaxe e mellorar a cohesión e as relacións internas do grupo.

Plan de convivencia (cont.)

- Contemplará os seguintes aspectos:
 - Obxectivos para implicar aos distintos sectores da comunidade educativa.
 - Procedementos de actuación para prevención de conflitos e consecución dun adecuado clima.
 - Funcións, dereitos e deberes en relación coa convivencia escolar.
 - Criterios de actuación cos alumnos con alteracións condutuais.
 - O mesmo ante situacións de posible acoso escolar.
 - Normas e procedementos de resolución de conflitos.
 - O seu seguimento e avaliación.

Observatorio de convivencia

- Creado para reflexionar e investigar sobre o estado da convivencia.
- Tres reunións ordinarias, unha por trimestre.
- Funcións:
 - Dinamizar o Plan de Convivencia
 - Informe anual
 - Informe trimestral ao CE
 - Coordinar actuacións conxuntas para mellorar o clima de convivencia.
 - Propoñer medidas á Administración.

Observatorio de convivencia (cont.)

- Os compoñentes elixíranse entre os membros do CE.
- Composición:
 - Director
 - Xefe de estudos
 - Orientadora
 - Un representante dos alumnos
 - Un dos pais
 - O encargado da coeducación
 - Un do PND
 - De un a catro profesores

HORARIO DE ALUMNOS EN INFANTIL E PRIMARIA

- Total 25 horas con recreos de 20 a 30 minutos.
- O claustro establecerá apoios para os que superen o tope de faltas inxustificadas (CE), superior ao 15%.
- Traballos excepcionais para segundo e terceiro ciclo.
- Ocasionalmente lectura, audicións, plástica ou un xornal.

HORARIO DE ALUMNOS EN SECUNDARIA

- Períodos dun mínimo de 50 minutos.
Normalmente un ao día por materia.
- De luns a venres 5 períodos pola mañá e o resto pola tarde.
- Non máis de 7 períodos lectivos ao día.
- Non horas libres intercaladas.
- Teranse en conta as propostas da XD no curso anterior.

Anulacións ou renuncias

- Anulación de matrícula en FP:
 - Voluntaria antes do 31 de outubro. Non computa convocatoria.
 - Baixa de oficio por faltas inxustificadas durante 25 días continuos ou 35 descontinuos con constancia de aviso previo.
- Renuncia á matrícula:
 - No bacharelato antes do 30 de abril por enfermidade prolongada, incorporación a un traballo e obrigas familiares ou persoais. O director resolverá en 10 días, tamén para os privados adscritos.
 - Na FP o mesmo, engadindo como causa a doenza dun familiar ata o segundo grao. O prazo remata dous meses antes da avaliación final de módulos ou do período ordinario da FCT.

Reclamacións en Educación Primaria

- Presentar en 5 días resolver en 3
- Comisión formada por Xefe de Estudos, Coordinador de Ciclo e Equipo de Avaliación.
- Recurso en 10 días perante o Delegado, que resolverá previo informe da Inspección.

Reclamacións en ESO e BACHARELATO

- Os profesores informarán sobre instrumentos de avaliación aplicados e o alumno revisaraos co profesor. Conservaranse 3 meses.
- Presentación en dous días lectivos despois das aclaracións. A través do Xefe de Estudos ó Xefe de Departamento ou titor.

Reclamacións en ESO e BACHARELATO

(cont)

- O Departamento contrastará: adecuación de obxectivos, contidos e criterios; procedementos e instrumentos de avaliación e correcta aplicación dos criterios de cualificación e avaliación. Informe no día seguinte ó Xefe de Estudos para informe a pais de alumno e titor.
- Se é na ESO, o Xefe de Estudos e Titor analizarán a posibilidade de reunión da Xunta de Avaliación

Reclamacións en ESO e BACHARELATO

(cont)

- Se a reclamación é contra a decisión de promoción ou titulación en dous días se reunirá a Xunta de Avaliación levantando acta.
- Modificación mediante dilixencia visada polo Director.
- Reclamación perante o Delegado en dous días tramitada polo director en tres días.

Reclamacións en ESO e BACHARELATO

(cont)

- O Delegado resolverá en 15 días previo informe da Inspección cos criterios anteriores e o de cumprimento desta orde.
- Centros privados: o seu RRI ou con carácter supletorio o anterior. Perante o Delegado o indicado.

Reclamacións en ESO e BACHARELATO

(cont)

- Para 2º de Bacharelato:
 - Dous días para reclamar perante o Director.
 - O Departamento resolve en base a informe do profesor, exames, traballos e avaliación ,en xuño; so proba extraordinaria en setembro.
 - Fixarase día de comunicación da resolución (asinando copia), se se rectifica, dilixencia pasadas 24 horas.
 - No prazo de 24 horas solicitarase a remisión do expediente á Comisión de Supervisión.

Reclamacións en ESO e BACHARELATO

(cont)

- A Comisión resolve despois de informe dun inspector e un membro do grupo de traballo. Notificación ao interesado a través da dirección, quen ordenará dilixencias.
- Recurso contencioso – administrativo ante o TSXG

Reclamacións en FPI

■ Baseadas nos seguintes aspectos:

- Non adecuarse aos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e nivel recollidos na programación didáctica.
- Procedementos e instrumentos de avaliación inadecuados á PD.
- Non aplicarse correctamente os criterios de avaliación establecidos na PD.

■ Prazos:

- Dous días, diante do director despois da comunicación.
- En cinco días, o director trasladará ao departamento para informe (ratificando ou rectificando), emitirá resolución e comunicaralla ao alumno.
- Nun mes, recurso de alzada perante o delegado.